

Corrección texto Locke

“Polo tanto, onde queira **que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza**, e a renunciar a el a favor do **poder público**, alí e só alí haberá unha **sociedade política ou civil**.”

Idea pral.

Contractualismo: Os individuos ceden o seu dereito ao poder executivo da lei da natureza en favor dun poder público como requisito imprescindible da sociedade civil

E isto dáse onde queira que **un número calquera de homes, en estado de natureza**, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha **persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo**, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. **Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder legislativo dela a facer leis para el**, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. **E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles**, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [commonwealth], o cal **será xulgado polo poder legislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin**. **E onde queira que houberse un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza.**

Idea pral.

A creación de institucións / autoridades (poder legislativo neste caso) para poder dirimir os problemas de dereito, saír así do estado da natureza e integrarse nunha sociedade civil

E polo tanto, **é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto**. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles **inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso**, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. **Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio.**

Idea pral.

A monarquía absoluta é incompatible coa sociedade civil xa que o monarca vive no *Estado de Natureza* podendo ser xuíz e parte do seu propio caso.